

## Contra a minaría salvaxe e contaminante

**O BNG solicitará o pronunciamento do Concello de Xinzo en contra da macro-minaría salvaxe mediante una moción presentada para o seu debate no vindeiro pleno.**

**Xinzo da Limia, 11 de xuño de 2013.** A explotación dos recursos mineiros, e particularmente dos metais, está controlada por **grandes empresas transnacionais que operan baixo criterios especulativos aplicando prácticas neocoloniais**. O seu alto prezo nos mercados fai que procuren beneficio rápido a costa do grave impacto ambiental e riscos para a saúde das persoas.

Corcoesto, en Bergantiños, O Ribeiro, Celanova, as Fragas do Eume, a Serra do Galiñeiro, a Terra Chá ou a Limia están baixo esta ameaza. Na Galiza existen 520 explotacións mineiras e as concesións chegan a abranguer máis da metade da superficie do país. A maior parte destas foron autorizadas e perviven na actualidade grazas a normas aprobadas no réxime franquista. **Nin a Xunta de Galiza nin o goberno do Estado teñen o menor interese en mudar esta situación. O Plan Sectorial de Actividades Extractivas**, encargado ás empresas do sector mineiro (Cámara Mineira de Galiza) e furtado á participación das entidades sindicais, ambientalistas, veciñais e profesionais, **ameaza espazos naturais protexidos e os concellos e as persoas afectadas non contan**, tampouco a ordenación urbanística local.

A minaría a ceo aberto e a fractura hidráulica ou “fracking” son actividades con graves impactos sobre o medio ambiente. Trátase dunha **minaría salvaxe, que produce a destrución física do territorio**, elimina e contamina o solo e os acuíferos, consume grandes cantidades de enerxía e auga e manexa substancias tóxicas que poden ter graves consecuencias. **Pon en perigo a saúde, a calidade de vida, os recursos e os medios de vida tradicionais e sustentábeis das persoas**. Os supostos (e sempre interesadamente esaxerados) beneficios non compensan os prexuízos ambientais e socio-económicos derivados en outros recursos naturais, forestais, agro-gandeiros, pesqueiros, hídricos, de lecer ou turísticos, e para a saúde humana.

Existe un clamor para que se suspendan os permisos e concesións en tramitación, que se prohiba a macro-minaría a ceo aberto e a minaría con cianuro. **Galiza debe ser soberana na explotación dos seus recursos**, o aproveitamento dos mesmos debe ser considerado estratéxico, decidido desde aquí en función dos nosos intereses e tutelado desde os poderes públicos para garantir a sustentabilidade ambiental e social dos proxectos.

### **A ameaza dos feldespatos na Limia persistirá mentres non se mude a lei**

Dende o BNG **seguiremos a reclamar unha lexislación que nos blinde definitivamente contra este tipo de minaría**, xa que nada impide que a explotación de feldespatos volte ao ataque nun futuro próximo cunha normativa máis favorábel, nin que novos proxectos, como o LUIS-4943 que denunciámos hai unhas semanas, ou outros novos poidan botar a andar en calquera intre.

Oficina de Imprensa. BNG Xinzo da Limia. [imprensa@bng-xinzo.org](mailto:imprensa@bng-xinzo.org)  
Contacto: Ramiro Rodríguez Suárez (667 727 911)

Xinzo da Limia | 11-6-2013



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia  
Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ºP) - 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) \* Tlf/Fax: 988 461 360

[info@bng-xinzo.org](mailto:info@bng-xinzo.org) | [www.bng-xinzo.org](http://www.bng-xinzo.org) | @bngxinzo

**NOTA DE IMPRENSA. PRÉGASE A SÚA DIFUSIÓN.**